

**5 millóns de reais. Despido libre e gratuito. 67 anos para se xubilar. Embargos. Desafiuizamentos. Represión. Recorte de dereitos laborais e sociais...**

## ASI NON QUEREMOS SAIR DA CRISE

*Un novo modelo social e económico que garanta a xustiza social, a igualdade e a liberdade.*

## ESIXIMOS OUTRAS SAIDAS.

**NIN UN PASO ATRÁS.  
CARA A FOLGA XERAL**

### 1. FOGA XERAL ¿PARA QUE?

*Folga Xeral, mobilización social, loita d@s traballador@s para que a saída da crise económica non sexa cara un capitalismo refundado, fortalecido, máis perfeccionado, senón cara un Novo Modelo Social e Económico máis xusto, en liberdade, que garante a igualdade, elimine a explotación, xere outra forma de vida que nos faga máis felices.*

*Folga Xeral e Mobilización Social para un Novo Modelo Social que Reparta o Traballo para traballar tod@s que reduza a xornada laboral sen reducir o salario, que reduza a idade de xubilación, que nos permita satisfacer as nosas necesidades básicas como persoas, que non estea ao servizo do mercado nin aos intereses da patronal, que produza só o suficiente para vivir tod@s mellor, para consumir e traballar menos e poder traballar tod@s. Un modelo que elimine as horas extras, os destaxos, despedimentos, EREs, embargos, contratos temporais, contratas, subcontratas, privatizacións, ETTs, a dobre xornada para a muller. Un modelo que promova o reparto igualitario dos traballo domésticos e de coidados entre mulleres e homes. Un modelo que derrogue los artigos 52 y 56 do Estatuto dos Traballadores e nos devolva os dereitos perdidos.*

*Un Modelo Social que Reparta a Riqueza porque a creamos entre tod@s que garante un salario social digno, vivenda social para as persoas en paro, equipare os salarios de forma progresiva, ofreza unha banca pública para desenvolver proxectos sociais e cooperativos. Un modelo que eleve a presión fiscal sobre las fortunas millonarias, os beneficios das empresas e as multinacionais, garante a gratuidade dos servizos públicos e os dereitos sociais básicos, que paralice todos os procesos de privatización dos servizos públicos, que incremente a inversión social e reduza a militar.*

*Un Novo Modelo para garantir os dereitos sociais e os servizos públicos para tod@s, que instaure o dereito á propia identidade e á libre expresión persoal; o dereito a unha vida digna que satisfaga as necesidades básicas; os dereitos laborais e sindicais; o dereito a coidar e ser coidado como unha responsabilidade colectiva; os dereitos culturais, educativos, de acceso libre á información e opinión e non criminalice o libre intercambio da creación e da cultura; dereitos ecolóxicos e medioambientais que garanten a vida no planeta; dereito á*

*autoxestión social que impida o autoritarismo e a xerarquización; dereito á libre circulación das persoas a través das fronteiras procedendo ao peche dos Centros de Internamento para Estranxeiros (CIE); dereitos de expresión, reunión e manifestación; dereito a que cada persoa defina e manifieste a súa orientación sexual; dereito á conciliación da vida familiar e profesional para dispoñer de tempo para educar aos nosos fillos.*

*Un Novo Modelo Social para unha Economía Solidaria, Cooperativa e Sostible en harmonía coa natureza, con transportes e infraestruturas de proximidade, que recupere o mundo rural, a agroecoloxía e a súa industria derivada. Un modelo que substitúa as industrias contaminantes por industrias sostibles e de produtos duradeiros, no que se autoxestíen os sistemas de producción e consumo a escasas locais, con inversión en enerxías renovables e desinvestimento en enerxías fósiles e nucleares, que impoña gravames ao comercio internacional, que non aspire ao crecemento ilimitado no que se poda producir menos para vivir mellor. Un novo modelo más austero, que aproveite a enerxía e os recursos para lograr evitar o desarrollismo e o crecemento ilimitado que esquilme os escasos recursos naturais, segundo nos propón o capitalismo.*

*Un Novo Modelo para la Autoxestión da Sociedade, das nosas vidas e do traballo, desde a participación e democracia directa, desde os pobos, barrios e ciudades ata as institucións, as empresas, a distribución, o comercio, poñendo a economía ao servizo das persoas e da sostibilidade da vida humana e do planeta.*

*Unha FOLGA XERAL para que a patronal non siga obtendo o máximo de beneficios a costa do noso esforzo, para que non pense só en reducir ao mínimo os gastos salariais e pagar o menos posible aos traballadores, alienándonos para que consumamos máis, para que teñamos moitas hipotecas e así garantirse o control e a desmobilización social.*

*Unha FOLGA XERAL para un novo modelo social no que os traballadores sexamos os protagonistas. Unha Folga Xeral para dicirlle ao goberno, á patronal, aos ricos, **BASTA**. Basta de explotación, basta de exclusión social, basta de aumentar os beneficios da banca, basta de abusos, de atropelos, deinxustizas.*

### 2. COMO ESTÁN RESOLVENDO A CRISE ECONÓMICA?

*Fai dous anos que nos están contando oficialmente que existe esta crise económica do sistema capitalista. Os culpables e responsables desta crise (patronal, banqueiros, políticos profesionais) non asumen ningunha responsabilidade, senón que nos culparon a tod@s do fracaso e nos están obrigando a pagar a súa crise. A patronal culpa aos traballadores, á xuventude, á muller, á inmigración, con discursos e leis racistas e xenófobos (lei de estranxeiría, empadroamento, centros de internamento).*

*As súas solucións volven ser as mesmas: incrementar a produtividade, a competitividade, incentivar o consumo a costa de incrementar a precariedade laboral e a explotación, seguir co desarrollismo e a especulación, subir máis os impostos directos, continuar con indemnizacións millonarias aos seus directivos, aumentar o abanico salarial, privatizar os*